

Programación polo centenario do nacemento de Luz Pozo Garza (1922 - 2022)



CONSTELACIÓN LUZ

LUZ POZO GARZA | 1922-2022 | POESÍA, ARTE E VIDA



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21·22

Táboa de contido

INTRODUCCIÓN	3
BIOGRAFÍA.....	5
PROGRAMACIÓN	10
3.1 Espazo dixital sobre Luz Pozo Garza na web de Cultura.gal	11
3.2 Exposición <i>Constelación Luz. Luz Pozo Garza (1922-2022), poesía, arte e vida</i>	12
3.3 Xornadas <i>Constelación Luz</i>	13
3.4 Concerto musical e literario <i>Sol de Medianoite</i>	14
3.5 Catálogo <i>Constelación Luz</i>	15
3.6 Proxección do documental <i>Na procura da Luz</i>	15
3.7 Publicación sobre Luz Pozo Garza.....	16



INTRODUCCIÓN



XUNTA
DE GALICIA



INTRODUCCIÓN

A Xunta de Galicia conmemora en 2022 o **centenario do nacemento** da escritora **Luz Pozo Garza** (1922-2020), referente fundamental da poesía galega. A programación ten como eixe central unha grande exposición organizada polo Arquivo de Galicia no edificio da Biblioteca e do Arquivo de Galicia no Gaiás, que recollerá información sobre a súa traxectoria e incluírá varias das pezas persoais doadas no seu momento pola propia autora.

Como complemento á mostra, realizaranse actividades complementarias, tendo en conta especialmente que a obra de Luz Pozo Garza foi e segue a ser obxecto de interese para compositores de música clásica e contemporánea.

O **comité científico** desta celebración está composto por Carmen Blanco García (directora), Anxo M. Lorenzo Suárez, Valentín García Gómez, Gonzalo Vázquez Pozo, Mónica Vázquez Pozo, Xesús Alonso Montero, Xosé María Álvarez Cáccamo, M^a del Carmen Calviño Rodríguez, Antonio Deaño Gamallo, Víctor Fernández Freixanes, Mar García Miraz, Pilar García Negro, Aurora López López, Olga Novo Presa, María Novo Villaverde, Manuela Palacios González, Andrés Pociña Pérez, Fernando Recamán Solla, Armando Requeixo Cuba, Claudio Rodríguez Fer, Olivia Rodríguez González e Darío Villanueva Prieto.

Con esta programación o Goberno autonómico quere promover o traballo de Luz Pozo Garza e afondar na difusión do seu legado.



2

BIOGRAFÍA



XUNTA
DE GALICIA



BIOGRAFÍA

Luz Pozo Garza naceu en Ribadeo o 21 de xullo de 1922 e faleceu na Coruña o 20 de abril de 2020. Coursou estudos de maxisterio e de filoloxía románica.

Iniciou o seu labor editorial en *Nordés*, revista de poesía e crítica da que foi directora. Formou parte da Real Academia Galega (RAG) como membro numerario desde 1996 e tamén foi membro do Centro PEN de Galicia.




Algunha das súas obras máis salientables:

Poesía:

- » *Ánfora* (primeiro libro de poemas en lingua castelá), 1949.
- » *O paxaro na boca* (primeiro libro de poemas en galego), 1952.
- » *El vagabundo*, 1952.
- » *Cita con el viento*, 1962.
- » *Últimas palabras/verbas derradeiras*, 1972-1976.
- » *Concerto de outono*, 1981.

- » *Códice Calixtino*, 1986.
- » *Consagración de Trasalba*, 1989.
- » *Prometo a flor de loto*, 1992.
- » *Vida secreta de Rosalía*, 1996.
- » *Medea en Corinto*, 2002.
- » *Ribadeo, Ribadeo*, 2002.
- » *As arpas de Iwerddon*, 2005.
- » *As vodas palatinas*, 2005.
- » *Deter o día cunha flor*, 2009.
- » *Sol de Medianoche*, 2013.
- » *Rosa tántrica*, 2016.
- » *Pazo de Tor*, 2019.



Ensaio:

- » *A bordo de barco sin luces ou o mundo poético de Luís Pimentel*, 1990.
- » *Álvaro Cunqueiro e Herba aquí ou acolá*, 1991.
- » *Galicia ferida (A visión de Luís Seoane)*, 1994.
- » *Ondas do mar de Vigo. Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo*, 1996.
- » *Diálogos de Rosalía*, 1996.

Dirección de revistas:

- » *Nordés. Revista de Poesía e crítica*, 1975 e 1976 e 1980 e 1995.
- » *Clave Orión. Revista internacional de poesía e crítica*, 1995-2007.

Nomeamentos e premios:

- » 1950. Nomeamento como correspondente da Real Academia Galega.
- » 1974. Premio VIII Festa da Cantiga – Flor Natural ao mellor poema en lingua galega.
- » 1990. 2º Premio de ensaio Tomás Barros.
- » 1991. Premio á creación feminina da Consellaría de Cultura.
- » 1992. Premio Miguel González Garcés, por *Prometo a flor de loto*.
- » 1994. Premio Galegas Distinguidas de Diálogos 90.

- » 1995. Medalla Castelao.
- » 1996. Nomeamento como membro numerario da Real Academia Galega.
- » 2001. Premio Celanova Casa dos Poetas.
- » 2002. Premio Galicia en Feminino.
- » 2007. Premio Letras de Bretaña do Real Coro Toxo e Froles.
- » 2009. Premio da Crítica de poesía galega por *Deter o día cunha flor*.
- » 2013. Premio Cultura Galega das Letras.
- » 2014. XI Premio Laxeiro.
- » 2019. Premio Trasalba. Fundación Otero Pedrayo.





3

PROGRAMACIÓN



XUNTA
DE GALICIA



3.1 ESPAZO DIXITAL SOBRE LUZ POZO GARZA NA WEB DE CULTURA.GAL

Creación dun espazo dixital que incluírá a programación cultural e iniciativas que conmemoran o centenario do nacemento de Luz Pozo Garza, aloxado no dominio cultura.gal.



<https://www.cultura.gal>





3.2 EXPOSICIÓN CONSTELACIÓN LUZ. LUZ POZO GARZA (1922-2022), POESÍA, ARTE E VIDA

A exposición sobre Luz Pozo Garza, *Constelación Luz. Luz Pozo Garza (1922-2022), poesía, arte e vida*, dálle cumprimento ao desexo expreso da propia autora, quen en maio de 2016 fixo unha doazón da súa biblioteca e arquivo á Biblioteca de Galicia e ao Arquivo de Galicia.

A estes fondos súmanse achegas diversas de persoas próximas á autora, doutras bibliotecas e arquivos de Galicia, así como a documentación audiovisual sobre a súa figura.

Está organizada en dez vitrinas a través das cales se fai un percorrido pola súa vida, pola súa obra e a súa contribución á cultura e ao pensamento.



Comisaria: Olivia Rodríguez González.



Datas: do 9 de xuño ao 17 de outubro.



Lugar: Entrada do edificio da Biblioteca e do Arquivo de Galicia.



3.3 XORNADAS CONSTELACIÓN LUZ

As **xornadas Constelación Luz** son complementarias e paralelas á exposición de celebración do centenario *Constelación Luz. Luz Pozo Garza (1922-2022), poesía, arte e vida*.

Desenvolveranse na Cidade da Cultura e consisten en dúas **conferencias** e dúas **mesas redondas**, impartidas en ambos os dous casos por persoas integrantes do Comité científico.

Coordinación: Olivia Rodríguez González e Carmen Blanco García.

Comité Científico: Carmen Blanco García (directora), Anxo M. Lorenzo Suárez, Valentín García Gómez, Gonzalo Vázquez Pozo, Mónica Vázquez Pozo, Xesús Alonso Montero, Xosé María Álvarez Cáccamo, M^a del Carmen Calviño Rodríguez, Antonio Deaño Gamallo, Víctor Fernández Freixanes, Mar García Miraz, Pilar García Negro, Aurora López López, Olga Novo Presa, María Novo Villaverde, Manuela Palacios González, Andrés Pociña Pérez, Fernando Recamán Solla, Armando Requeixo Cuba, Claudio Rodríguez Fer, Olivia Rodríguez González e Darío Villanueva Prieto.



Datas: entre xuño e outubro.

.....



Lugar: Cidade da Cultura de Galicia.



3.4 CONCERTO MUSICAL E LITERARIO *SOL DE MEDIANOITE*

O concerto musical e literario *Sol de Medianoite* é unha homenaxe a Luz Pozo Garza. Terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia cun elenco musical vinculado á Orquestra Sinfónica de Galicia, integrado exclusivamente por instrumentos de cordas.

Programa do concerto

Gabriel Bussi: **Bagatella N°2 para quinteto de corda**

Gabriel Bussi: **Sol de Medianoite**

Doce cancións sobre o seu libro homónimo para mezzosoprano e orquestra de corda con lectura de extractos do texto orixinal.

- I. Ascención
- II. Ålesund
- III. Mira Natalia el sol
- IV. Tula, la perita
- V. Tal vez
- VI. No hablábamos
- VII. Alma de aire
- VIII. Magnolia
- IX. Stabat Mater
- X. Fuga: Adónde
- XI. La memoria
- XII. Finale: Se iluminaba

Schubert String Quartet:

Gabriel Bussi – violín
 Angel Marote – violín
 Raymond Arteaga – viola
 Elena Escalza Cortina – violoncello
 Fernando Rodrigues – contrabaixo
 Joana Thomé – Mezzo-soprano



Data: 21 de xullo.

.....



Lugar: Auditorio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia.

.....



Máis información: cidadedacultura.gal



3.5 CATÁLOGO CONSTELACIÓN LUZ

A exposición sobre Luz Pozo Garza, *Constelación Luz. Luz Pozo Garza (1922-2022)*, poesía, arte e vida, contempla a publicación dun **catálogo** que documenta o resultado da exposición.

Coa participación de Carmen Blanco (directora do comité científico), Xesús Alonso Montero, Xosé María Álvarez Cáccamo, Antonio Deaño Gamallo, Víctor F. Freixanes, Pilar García Negro, Aurora López, Olga Novo, María Novo, Manuela Palacios González, Andrés Pociña, Armando Requeixo, Claudio Rodríguez Fer, Olivia Rodríguez González, Mónica Vázquez Pozo e Darío Villanueva.



Data: xullo.

.....



Lugar: Cidade da Cultura de Galicia.



3.6 PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL NA PROCURA DA LUZ

O documental *Na procura da Luz*, realizado en 2020 pola fotógrafa Rosa Taboada tras o falecemento da poeta, fai un percorrido pola súa vida e obra e incorpora testemuños de persoas próximas a ela.



Data: xullo.



3.7 PUBLICACIÓN SOBRE LUZ POZO GARZA

Mensajes de poesía (1948-1952) é unha das máis importantes revistas de poesía da Galicia de Posguerra. Dirixida dende Vigo polo escritor Eduardo Moreiras, nela tivo xa dende a primeira hora unha presenza decisiva a poeta Luz Pozo Garza, quen logo formou parella literaria e sentimental co propio Moreiras. Polas súas páxinas pasaron moitas das grandes voces da poesía galega e española, dende Vicente Aleixandre a Álvaro Cunqueiro, pasando por Carmen Conde, Pura Vázquez, Ánxel Fole ou Blas de Otero, entre moitos outros.

O Centro Ramón Piñeiro recupera esta emblemática revista nunha edición facsimilar, coa que se suma á celebración do centenario de Luz Pozo Garza, a quen tanto debe esta publicación senlleira na nosa historia literaria recente.




Data: outubro.

.....



Colaboración: Centro Ramón Piñeiro.





A actualización da programación estará accesible na páxina web



<https://www.cultura.gal>

